

A BONDAD E VIAXA EN MOTO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ CONTA AS AVENTURAS DUN MOZO MILEURISTA, ACOITELADO POLA SOIDADE PERO QUE SE DEDICA A AXUDAR AOS DEMAIS

Un bo tipo. Así, nin máis, nin menos; así de sinxelo. Un mozo raro para os tempos que corren porque non quere unha casa grande, nin un coche potente, nin viaxar a luxosos hotéis do outro lado do mundo. Busca un traballo xeitoso no que poda falar coa xente e desexaría atopar unha moza, pero xa arrastra uns cantos intentos fallados, segundo a súa última noiva pola súa falta de ambición. Este é Adrián Novoa, o protagonista da última obra de Agustín Fernández Paz, *O raio veloz* (Planeta & Oxford), un libro recomendado para rapaces de máis de 10 anos que non atoparán aquí o exemplo do triunfador, ¿ou si?

Fernández Paz fai un retrato sinxelo, pero ao mesmo tempo profundo, dos milieuristas actuais, xa que o seu personaxe é un licenciado en Económicas que acaba traballando nunha empresa de mensaxería. Pero a proposta que fai aos lectores é a da vida alegre dun mozo que vive nunha bufarda na parte vella da cidade e que ve compensadas as posibles incomodidades cando polas noites, asomado á gran fiestra, pode contemplar os milleiros de estrelas que brillaban na escuridade do ceo; entón síntese feliz «e non acababa de entender como podía haber tantas persoas que vivían abafadas pola tristeza».



NOVELA

«O raio veloz»

Agustín Fernández Paz. Planeta & Oxford. 98 páxinas. 6.50 euros.

**

A bondade de Adrián, o protagonista desta historia, confirma aquela frase de que as portas da felicidade ábreanse para fóra, mirando cara aos demais: el axuda as persoas do seu entorno sen que se decaten

Fernández Paz entra no mundo da soidade de mozos que parecen non atopar o seu sitio na sociedade e que como Adrián van cambiando

de traballo cada poucas semanas. Curiosamente unha das ocupacións que intenta o protagonista é a de escritor, pero é algo que deixa pola falla de contacto coa xente. (Aquí está claro que o texto non é nada autobiográfico).

Especialmente divertida é a entrevista que lle fan para entrar a traballar na empresa de mensaxería, onde se atopa cunha xefa que ten case a súa mesma idade. Aínda que aproveita os encargos para axudar á xente, en ocasións sinte tamén as coiteladas da soidade, sobre todo despois dunha hábil manobra na que acaba xuntando unha parella que ía romperse, variando o contido do paquete que tiña que entregar. As cousas cambian cando empeza a recibir mensaxes con adiviñas e xeroglíficos que Fernández Paz agradece ao final do libro aos seus autores: Paco Martín (no seu *Libro das adiviñas*) e Carlos Medrano, que fixo o xeroglífico para esta obra.

A nenos, a mozos, a calquera persoa, ler esta obra de Fernández Paz, ilustrada por Andrés Meixide, sérvelle para reconciliarse coa sinxeleza da boa xente, dos tipos como Adrián que fan certa aquela afirmación de que as portas da felicidade ábreanse para fóra, mirando cara aos demais, aínda que sexa montado nunha moto.

Rodri García

DECOTÍO

Francisco Fernández del Riego

Mallarmé, xefe intelectual do simbolismo

VEN á nosa acordanza a figura de Stéphane Mallarmé. Foi quen organizou veladas no seu salón parisiño. Arrodeado de grave silencio andou a orientar mitos, símbolos, ensinamentos, ritos, sentimentos. Acendeu para os mozos do seu tempo un mundo en maxia. Non resultaba doado dicir a versión cabal do simbolismo. Era Paul Verlaine o xefe sensualista da empresa literaria. A xefatura intelectual correspondíalle a Mallarmé. Os dous, peregrinos, mestres, foron máximos pontífices da misión anovadora. A súa cifra andaron a resolvela con ecuacións e diferenzas. O cadro completábase despois Laforgue, Rimbaud, Baudelaire.

Tense dito que o impresionismo dos pintores viña ser a saída ao campo, a actividade. E que o simbolismo dos poetas era a invitación ao soño, a subxectividade. Ese foi mesmamente o empeño: A sensibilidade exaltada, o cateo expresivo dos soños, o afondamento no vago, no deletéreo.

Nunha época de torrentismo lírico, de poemas coruscantes, os anovadores arrincaban da música wagneriana, da filoso-

fía de Schopenhauer, dalgúns vates ingleses, o senso vertical da tarefa simbolista. O humano, fluente, Verlaine, e sobre todo, a estrutura e a vixilia de Mallarmé, déronlle a categoría que lle fixo perdurar. Así resultou posible máis tarde que un músico como Debussy acadara atopar na poesía coetánea a máis segura ruta para imantar a súa agulla. Non en Verlaine, que fora perigoso por directo demais, humano, malia a súa sutil calidade. Nin tampouco en Mallarmé, igualmente daníño por indirecto e conxelado. Foi a suma dos dous poetas a que deu a fórmula do músico, abondo intelixente para non se pór a facer poesía cos sons.

En calquera caso parécenos que un dos mellores índices do onte simbolista chámase Estebo Mallarmé. Trátase dun índice que tivo lonxevidade, que aínda case vive. Deste xeito entendeuno a poesía moza que ensaiou conservar os derradeiros matices adquiridos na creación simbolista. Sen anular a calidade atopou de novo o remol natural perdido nas especulacións analíticas: A Univer-

sidade da Sorbona conmemorou o que debía conmemorar. Unha alma insigne de poeta anovador, ofrecéndonlle un posto salientable. Outro, na mellor cadeira da Academia Ideal que compoñen as máis finas sensibilidades da poesía universal.

O tema mallarmeano foi sempre á poesía. As súas posibilidades, os seus confíns, a importancia do poeta. «De l' eternal azur la sereine ironie semblé le poète impuiment». Antes Hugo, que escolleu un asunto poético ao que a poesía se engadiu subxectivamente. Despois, na ruta final, o brillo de Paul Valéry adestrando o rigor da técnica, a singularidade da linguaxe poética. O alerta, o soño da obra, do home, do novo temoneiro de estrelas, berrouna Huysmans en *A rebours*. A comprensión, a loubanza rendeullas máis tarde en *Les poètes maudites* o outro *condottiero* do simbolismo francés. Mallarmé foi informando á escola das novas ideas poéticas no seu espiritualizado fogar da rue de Rome. Foi el quen organizou, quen ditou, leccións ao escollido grupo dos revolucionarios. quen máis gastou en beneficio de todos.

José Cela Míguez, o cidadán e pintor

PASOU o centenario do seu nacemento sen que ninguén lembrase a súa biografía política ou a artística. Non o lembraron nin en Lánca, concello do que foi alcalde de febreiro a xullo de 1936. Nese municipio, na localidade de Os Baos, nacera en 1897. Sen embargo, tivo algúns momentos de gloria e mesmo figura nunha fotografía histórica, aquela que capta o momento en que personalidades da política galega entregan a Martínez Barrio, Presidente das Cortes, o texto do Estatuto de Autonomía de Galicia. Alí está o alcalde frontepolista de Lánca á beira de Castela, Ánxel Casal, Suárez Picallo..., algúns, días despois, «mortos polo ferro irado», entre eles o editor Ánxel Casal, alcalde de Santiago. Tivo máis sorte o alcalde de Lánca, que non montou, o 17 de xullo á noite, no tren de Galicia, para moitos o tren da morte.

Está por escribir a biografía de José Ceta, lancaeo emparentado cun Ceta que figura na historia do toureo español, Alfonso Ceta Vieito (1885-1932), o famoso *Celita*, gabado polos críticos taurinos como valente e preciso estoqueador. Sobre José Ceta Míguez anda á procura de noticias e textos Andrés Páramo, especialista no republicanismo lugués. Pola investigadora María Jesús Souto sabemos que exerceu como mestre, nas milicias republicanas, no Madrid da Guerra Civil. Finalizada esta, foi encarcerado. Xa en liberdade, regresa a Lánca onde non atura o clima abafante da época e emigra a Bos Aires en 1952, onde morrera no ano 1969. Xa emigrara, moi novo, ao mesmo país.

Pertencía José Ceta ao partido de Izquierda Republicana, que enriqueceu, coa súa cultura e a súa excepcional oratoria política, don Manuel Azaña. Ceta Míguez era un dos cidadáns ilustrados da época que, como tantos e tantos outros, quedou engaiolado coa palabra intelectual e o talante cívico de Azaña.

José Ceta Míguez foi pintor e pintor apaixonado, en Galicia e na Arxentina. Ignorado mesmo polos eruditos, Andrés Páramo ten localizados algúns cadros interesantes, entre eles un autorretrato. Ceta Míguez foi becado pola Deputación Provincial de Lugo no curso 1930-1931 para estudar, en Madrid, na Academia de Belas Artes de San Fernando. O caso de José Ceta Míguez —o cidadán e o pintor— é un exemplo máis de ignominia, da ignominia do silencio oficial e institucional. Nin sequer as autoridades da súa comarca —onde exerceu como político honrado— parecen sensibles a lembrar, con honra, o seu nome. Cóntame que os republicanos da comarca preparan, como homenaxe ao pintor, unha mostra dos seus cadros.

CUALIFICACIÓN

*** MOI BO

** BO

* CORRECTO

● MELLORABLE